

MEMORIA 2024

- 11 de xaneiro** Suso Vázquez, presidente desta Fundación, reúnese con Fernando Casas e a súa filla, Xela, para falar da 2ª Edición de Diario de Artista dedicada a este escultor.
- 12 de xaneiro** Suso Vázquez chama a Marta Lucio, Directora do Museo do Mar de Vigo, para falar da Exposición e do libro Diario de Artista dedicado a Fernando Casas.
- 13 de xaneiro** Encontro de Silverio Rivas (S.R.), Suso Vázquez con Pepe Barro para familiarizarse co traballo de Silverio e así dar comezo o proxecto do seu libro:
- Co fin de abordar o traballo realizado por Silverio, buscase obra e información relacionada coa primeira etapa do artista co fin de valorar o interese que poida ter para incluír no proxecto do libro: Porta de Igrexa de San Mamede en Ponteareas
- 16 de xaneiro** Suso Vázquez fala con Silveiro Rivas sobre a Porta desta Igrexa. Esta porta foi no seu momento encargada o pai de Silverio. O seu pai quixo que a fixera Silverio porque xa demostraba dotes para a talla.
- 17 de xaneiro** Suso Vázquez vai ó Arquivo Histórico de Tui para recadar información sobre a porta de Igrexa.
- 22 de xaneiro** Suso Vázquez reúnese co cura D. Clodomiro para obter documentación sobre a Porta de Igrexa de San Mamede. Aparece un documento onde figura unha asignación económica para comprar madeira (10.000 pts) para facer porta.
- 26 de xaneiro** Suso Vázquez e Luís Otero acompañan a Silverio a Ponteareas para fotografar a Porta da Igrexa de San Mamede.
- 25 de xaneiro** Reunión con Luisa Abad, presidenta do Ateneo para falar sobre o III Premio de relatos curtos Exeria. Nesta reunión acordouse que Helena Pousa, Suso Vázquez e Luis Escudero participaran como F.X.P. na comisión para este premio.
- 30 de xaneiro** Suso Vázquez reúnese con Xoán Doldan, decano de Económicas para falar do seu interese po la F.X.P. e buscar futuras colaboracións. Tamén se fala da posibilidade de instalar outras esculturas no recinto da Facultade.
- 31 de xaneiro** Suso Vázquez envía un correo electrónico cos planos do recinto do Museo do

Mar a Fernando Casas para a futura planificación da súa exposición neste Museo.

5 de febreiro Mantense unha Conferencia Telemática entre Suso Vázquez, Miguel Rivas (Paris) e Miguel Anxo Rodríguez González, profesor de H. do Arte (Santiago) e coordinador do libro. O obxectivo era falar do arquivo que ten sobre toda a obra de Silverio Rivas o seu fillo en París.

6 de febreiro Reunión de Suso Vázquez con Nones Araujo e Xabier Paz do Ateneo Atlántico para falar sobre a 3ª Edición do Premio Exeria no que participa a F.X.P.

21 de febreiro Reunión con Fernando Casas para falar do proxecto, 2º Exemplar Diario de Artista. Nesta reunión participaron, Chus Martinez, Mina Marx, ademais de Camilo Franco, Suso Vázquez e loxicamente Fernando Casas. A reunión foi gravada con Vídeo cámara para ter un rexistro do falado,.

27 de febreiro Reunión entre Cuqui Piñeiro, Suso Vázquez e Helena Pousa para avanzar na edición do texto do libro de Silverio Rivas e revisar xunto con Helena os pes de foto.

29 de febreiro Suso Vázquez fala con Beatriz San Idelfonso Rodríguez (Comisaria da Exposición de Silverio Rivas no Museo de Pontevedra, 2022-2023) para pedirlle una foto do Mural escultórico “Eloxio da Convivencia” de Silverio Rivas no Parlamento de Galicia co resultado positivo.

8 de marzo Suso Vázquez reúnese con Milena Cortes López (Profesora da historia de Arte na USC) en Santiago co obxectivo de falar detalladamente da Fundación X.P. e da a súa integración na mesma.

Neste mesmo día, Suso Vázquez mantén unha reunión con Camilo Franco para falar do traballo no texto da 2ª Edición do Diario de Artista adicado a F. Casas.

11 de marzo Suso Vázquez, Luís Otero, e Pablo Camacho, van gravar un vídeo da descarga das obras de Fernando Casas chegadas dende Brasil para almacenar nunha nave que ten o artista. O obxectivo era pasarlle este vídeo a Pepe Barro para valorar o posible interese que poda ter na elaboración do seu libro.

14 de marzo Suso Vázquez mantén unha reunión co Concellal Delegado de Cultura, Gorka

Gómez Díaz de Vigo para solicitar unha dotación económica para financiar (aprox. 3.000 €) a elaboración do Libro de Silverio Rivas. O resultado foi negativo.

- 15 de Marzo** Visita de Suso Vázquez e Fernando Casas ao Museo do Mar en Vigo para avanzar na preparación da futura Exposición de F. Casas.
- 19 de marzo** Suso Vázquez envía o Plan de Actuación da F.X.P. dos anos 2023 e 2024 a Ana Sánchez da Asesoría Xurídica en Vigo para que faga o Balance do 2023 para enviar a Xunta de Galicia. Ambas xa foron presentadas.
- 24 de marzo** Reunión na casa de Fernando Casas en Gondomar con Suso Vázquez, Mina Marx, e Pepe Barro, para que este coñecera o entorno vital do escultor e tamén falar do Diario de Artista.
- 26 de marzo** Reunión en Compostela entre Pepe Barro, Cuqui Piñeiro, Suso Vázquez e Miguel Anxo Rodríguez González, coordinador do libro para avanzar na elaboración do libro de Silverio Rivas.
- 30 de marzo** Reunión de Cuqui Piñeiro, Suso Vázquez en Paramos con Silverio Rivas para poñer os pes de fotos do libro.
- 5 de abril** Reunión de Suso con Rafa Ojea e Luís Otero para gravar as diapositivas da obra que ten Silverio Rivas en Francia co fin de gardalas no arquivo dixital da F.X.P .
- 17 de abril** Reunión do Ateneo e a F.X.P. na que participou Suso Vázquez para avanzar na preparación da 3ª Edición do Premio da Exeria.
- 7 de maio** Reunión en Cangas de Suso Vázquez con Oscar Rodríguez da Asociación de Animación Sociocultural “Illa dos Ratos” que organiza visitas guiadas de todo tipo: ambiental, etnográfico e cultural por distintos puntos do Morrazo. O obxectivo desta reunión foi buscar sinerxías e futuras colaboracións coa Fundación X.P. Suso deulle o Libro de X. Piñeiro ademais de aportar información sobre o Escultor. Falouse tamén de unha posible exposición de Xoán Piñeiro.
- 10 de maio** Reunión de Suso Vázquez con Pepe Barro para avanzar na elaboración e deseño do libro de Silverio Rivas.
- 16 de maio** Reunión de Suso Vázquez no Concello de Gondomar para presentar o proxecto de Diario de Artista dedicado a Fernando Casas e falar da posible

colaboración e instalación dunha obra escultórica do artista na Vila de Gondomar.

- 18 de maio** Dia dos Museos, visita de Suso Vázquez como membro da F.X.P. a Casa Museo da “Mangallona” en Cangas.
- 23 de maio** Conversa con Manuel Vilar Alvarez Director do Museo do Pobo Galego na que se falou sobre a Revista ADRA (Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego). Na páxina 32 do número 4 desta revista, fálase do escultor Angel Ferrant en Galicia, autor dunha obra onde Xoán Piuñeiro figuraba como fundador da obra.
- 30 de maio** A escultura do premio Exeria feita en Arte Bronce Fundación por Cuqui Piñeiro foi pagada gracias a unha doazón.
- 3 de xuño** Reunións celebradas neste día ás que asistiron por parte da F.X.P, Suso Vázquez e Cuqui Piñeiro :
1. Na Dirección Xeral de Cultura da Xunta con Anxo Lorenzo para buscar financiamento para a elaboración dos libros de Fernando Casas e Silverio Rivas, esta última concedida.
 2. No Museo de Belas Artes de Coruña para falar da compra dunha obra de Xoán Piñeiro que está en depósito desde fai moitos anos. Comprometéronse a comprar a obra pero será en febreiro do próximo ano. Falouse tamén da posibilidade de ter obra nova en depósito de X.P. da última etapa do artista.
- 5 de xuño** Suso Vázquez ponse en contacto con Mercedes Bangueses, doutora en Historia del Arte que forma parte do Instituto de Estudios Vigueses (IEV) e que acaba de publicar un libro sobre obra Pública: *Catálogo Bustos, Monumentos Conmemorativos, Placas de Vigo*, editado por IEV en colaboración co Concello de Vigo. En resposta á pregunta de quen encargou a obra do Pensador de X.P. en cemento, situada no Museo de Castrelos, parece ser que o encargo foi feito no período en que Angel Ilarri (1938-1979) era administrador do Museo.
- 8 de xuño** A Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, confírmalle a Suso Vázquez a dotación económica de 4.500 € para financiar o libro de Silverio Rivas.
- 13 de xuño** Celébrase na Biblioteca EMAO ás 19:30h o acto de entrega do Premio EXERIA 2024 de Relatos Curtos convocado polo Ateneo Atlántico e a Fundación Xoan Piñeiro. No acto participaron dúas persoas da Fundación X.P., Helena Pousa como parte do xurado e Carmen Piñeiro na entrega do 1º premio.
- 14 de xuño** Reunións con Silverio Rivas, Miguel Anxo Rodríguez González, Pepe Barro e Suso Vázquez para ir avanzando no traballo de edición do libro do escultor. Seguindo con este tema houbo máis reunións:
- O 28 de xullo, reuníronse de novo Suso Vázquez, Pepe Barro, Cuqui Piñeiro e Silverio Rivas para seguir avanzando no traballo de edición do libro de Silverio Rivas.

- 12 de setembro, reuníronse con Silverio Rivas, Pepe Barro, Miguel Anxo Rodríguez González e Suso Vázquez para revisar o texto do libro.
- 19 de setembro, revisión de novo do libro de Silverio por Pepe Barro e Suso Vázquez.

- 18 de xullo** Adiantase o pago a Jorge Viz polo seu traballo de colaboración no tema de Obra Publica (850 €).
- 3 de agosto** Suso Vázquez envía un correo electrónico á Dirección Xeral de Cultura da Xunta, Museo do Mar e Deputación de Pontevedra para que confirmen o apoio ao proxecto Diario de Artista explicándolle que xa se pasou o límite das datas e que quedan adiadas a 2º Edición de Diario do Artista e a Exposición.
- 16 de setembro** Suso fai o depósito legal do Libro de Silverio Rivas e fai a petición do ISBN e pago das taxas (80 €) e obtense o 23 de Setembro o ISBN + Código de Barras do libro de S. Rivas .
- 7 de setembro** Ten lugar en Goián, na GALERIA A+B *a XII Edición da Festa da Arte*. Este ano destacou a participación de escultores portugueses que en conxunto coas obras de outras artistas amosaron una fusión perfecta entre a natureza e a arte. Participou o grupo VATAPÁ que coa súa actuación musical creou moi bo ambiente. A organización e posta en marcha desta Festa como sempre, correu a cargo de Cuqui Piñeiro e a Fundación Xoán Piñeiro, apoia este evento coa súa colaboración dende os seus inicios.
- 19 de setembro** Adiantase a Pepe Barro o pago do libro de Silverio (1.000 €). Este adianto fáino Suso Vázquez.
- 24 de setembro** Suso Vázquez chama a Secretaria da DXC (Pilar) para emitir factura do libro de Silverio para facer o pago da financiamento acordado (4.500 €).
- 26 de setembro** Entra en produción o libro de Silverio Rivas:
- 9 de outubro.- Suso Vázquez envía as facturas os Concello de Tui de Pontearreas e a Dirección Xeral de Cultura.
 - 15 de outubro.- Suso Vázquez recibe o libro xa editado de Silverio e envía a Distribuidora os libros para entregalos os sitios requiridos coa correspondiente confirmación da súa chegada: Biblioteca Nacional Española, Biblioteca de Galicia, B.de Pontevedra e B. de Vigo.
 - 18 de outubro.- Suso Vázquez manda 4 libros de Silverio o Depósito legal.
- 30 de setembro** Reunión en Santiago na que participaron Belén Piñeiro, Milena Cortés López e Suso Vázquez para falar sobre a posta en marcha da Comisión para a Defensa da Obra Publica. Milena mencionou que tiña que facer un traballo e este podería ser o tema de dito traballo coa integración no mesmo dos códigos QR. No traballo deste proxecto sobre a Defensa da Obra Pública colaboraran Milena, Miguel Anxo Rodríguez González, Juan M. Monterroso.

- 8 de outubro** Reunión con Beatriz Idelfonso, Directora do Museo de Pontevedra para falar da posibilidade de facer a Exposición de Fernando Casas.
- 12 de outubro** Xornada de Portas abertas na Fundación Casa-Museo de Camaño Xestido, A Mangallona, en Cangas. Visita de Carmen Piñeiro representando a F.X.P.
- 17 de outubro** Suso Vázquez enviou un correo electrónico a Fernando Casas para informarlle de que o día 4 de outubro mantivo unha reunión con Agar Ledo, directora do Equipo de Investigación do Museo de Pontevedra para falar do tema da Exposición de Fernando Casas dado o interese que ten o artista en facela neste Museo.

Suso Vázquez fala co Concello de Tomiño, concretamente con Andrea, secretaria da Alcaldesa para pedirlle cita e falar da instalación da obra de Xoán Piñeiro e sobre o finanziaemento da fundición da mesma.

Suso Vázquez fala con Concello de Ponteareas para comunicar o día da presentación do libro de Silverio Rivas que será o día 30 de Outubro ás 19 h.